

MEMORIA DO 36

Lourenzo Fernández Prieto,
Michael Richards, Ana Cabana,
José María Cardesín,
Ricardo Gurriarán,
Xosé M. Núñez Seixas

GRIAL

REVISTA GALEGA DE CULTURA

170 abril, maio, xuño 2006
Tomo XLIV

Memoria das Madres de la Plaza de Mayo

Conversa con Dionisia López

A reinención de España

Antón Baamonde

A Guerra Civil na narrativa galega

Dolores Vilavedra

Poesía, poder e historia

Manuel Fernández Rodríguez


Carta de Auschwitz





**Memoria das Madres
de la Plaza de Mayo
(Argentina, 1976)**

Conversa con Dionisia López
“A galega da zona Norte”



Dionisia López Amado (Cedeira, 1928) emigrou á Arxentina con vinte e catro anos, acabada de casar, co seu marido e un fillo de poucos meses: Antonio Adolfo Díaz López. Fuxían da memoria da Guerra Civil. Xente humilde, traballadora. Na Arxentina naceu unha nena, Rosaura, que ten agora corenta e catro anos. Nos horrores da ditadura do xeneral Videla, na represión feroz que daquela se desencadeou naquel país americano, nun dos capítulos máis negros da súa historia contemporánea, Dionisia perdeu o seu fillo e a súa nora, Estela María Riganti, “desaparecidos” unha noite da súa casa do barrio obreiro de San Fernando, na zona norte do Gran Buenos Aires.

Dende entón, van daquela trinta anos, Dionisia reclama a súa memoria, demanda xustiza e unha resposta das autoridades políticas que nunca chegou. Ela é unha das fundadoras do movemento das Nais da Praza de Maio.

Como tantos outros (máis de 30.000 “desaparecidos”, segundo o Informe Sábado), Antonio e Estela pertencen á crónica da historia máis negra. Crónica da infamia. Mozos e mozas, homes e mulleres arrasados pola máquina da represión política por defender ideas que alguén consideraba perniciosas ou, simplemente, desestabilizadoras. Nunca volveron á casa. Coma nas gabias e nas cunetas da España e na Galicia de 1936. Tamén neste caso a memoria é necesaria.

Esta conversa celebrouse durante unha visita de Dionisia López a Galicia. Perdeu a esperanza de recuperar os fillos, a pouca familia que tiña. A experiencia marcouna para sempre, como sucedeu con tantas familias destoutro lado do mundo corenta anos antes. Cunha impunidade e unha desvergonza abraiante, a historia volve ás veces polos mesmos pasos.

VÍCTOR F. FREIXANES

**Entraron os camións do exército tirando
contra todos. Axiña correu a voz. Lembro
que me meteron debaixo da cama. Cedeira,
unha vila tan bonita, vestiuse de loito en poucas
horas. Meteron presa a unha chea de xente.**

Chega vostede a Buenos Aires en 1952. Cun fillo de cinco meses. Acabada de casar. ¿Por que emigrou?

Os meus pais xa estiveran antes en Buenos Aires. Como tanta xente nosa, emigraran novos á Arxentina, onde tiñamos algúns parentes, e alá fixeron vida. Pero acordaron volver. Supoño que, en parte, porque me tiñan a min, que vivía en Cedeira cos avós. En 1936, cando eles regresaron de América, eu era unha neniña. Tiña oito anos. Mais empezou a guerra, que o tornouno todo. A nosa familia sufriu moito daquela. Todas as familias sufriron...

¿Como recorda a Guerra Civil en Cedeira?

Recordo o campo de concentración na praia. Viviamos nunha casa alugada perto da area e dende alí víase a estrada. Entraron os camións do exército tirando contra todos. Meus pais estaban na fiestra. Axiña correu a voz. Lembro que me meteron debaixo da cama. Cedeira, unha vila tan bonita, vestiuse de loito en poucas horas. Eu era filla única. As curmáns da miña nai eran moi de esquerdas, moi revolucionarias. Cando chegou o exército a Cedeira, viñan a todo trapo. Non recordo que matasen a ninguén nos primeiros momentos. Pero meteron presa a unha chea de xente. Son os recordos que teño. Na praia onde eu xogaba de nena había dúas fábricas de salgadura. Unha delas convertérona en campo de concentración. A outra continuou traballando. A vila era un lugar moi pobre, pero tiña casas

de señoritos con criadas. Miña nai e as miñas tías foron servir a Ferrol porque non querían ser bonecas dos señoritos da vila, e algunhas casaron alá. Foron días moi difíciles, moi terribles, con moito medo. Meu pai empezou a traballar nos arbitrios municipais, no que daquela chamaban "fielatos", pero as cousas non ían como eles pensaban. Empezou a falarse doutra guerra mundial, e entón acordaron volver para a Arxentina, onde tiñan dous irmáns e unha irmá, cos que se escribían e teimaban para que volvesen. Fixéronme casar, e cando meu fillo tiña cinco meses, viaxamos co meu marido —logo me divorciei del— e fomos vivir ao Tigre, un porto moi movido, no Delta Entrerriano.

¿En que traballaban os seus pais?

Na madeira. Traballaban unhas quintas que non eran deles, ata que conseguiron facerse cunha da súa propiedade, na que tiñan algúns peóns que os axudaban. Comercio da madeira, en grandes barcas, que chamaban "chatas". Traballaban a machado, pois daquela aínda non había motoserras. Era un traballo duro.

¿Vostede e o seu home tamén traballaban na madeira?

Ao primeiro si, pero logo pasei a traballar na confección. Eu era costureira. Costureira fina. Sabía o oficio. Traballaba nun grande almacén, propiedade de galegos, moi boa xente, e o meu home no Jockey Club de Olivos. Alí empezou el coa bebida,

que o desgraciou, e acabamos separándonos. Conseguílle un traballo na mesma casa onde eu estaba, de "planchador", mais durou pouco. E eu púxenme a traballar pola miña conta. Daquela viviamos nun hoteliño cativo, catro camas para catro mulleres. Moito chorei. Estrañaba todo. O neno quedara cos meus pais. Logo, pouco a pouco, o propietario das quintas de madeira, que tiñan aserradeiros no Tigre, permitiron que nos instalásemos nunha casinha prefabricada, e alí empezamos, perto dos meus pais. As miñas clientas eran señoronas ricas que me chamaban para coser polas casas. Tiña unha boa clientela. Así empecei a sacar adiante a familia. Os meus pais lograron mercar un terreo e empezamos a facer outra cosa, para acomodarnos nela. Estabamos a botar os cimentos cando me levaron a Antonio...

¿Como era o seu fillo?

Un rapaz marabilloso. Estudou administración e entrou a traballar nunha empresa. Pero era moi inqueda, moi intelixente, moi preocupado por todo. Un excelente fotógrafo. Casou moi novo con Estela, que era enfermeira no Hospital Salaverri, e xuntos foron vivir a San Fernando, un barrio obreiro non moi lonxe de nós. Eu dicíalle: "¿Por que non vides para máis perto?" E el dicíame: "Máis perto de quen... Alí hai xente necesitada... Alí está a nosa xente..." Daquela empezou a militar no Partido Revolucionario dos Traballadores (PRT). Eu sabía da súa militancia, e axudábao, porque me parecía unha causa xusta e compartía as súas ideas. Eran tempos difíciles na Arxentina, sobre todo para a clase traballadora. Tempos que demandaban cambios, accións sociais, vías novas para a xustiza social...

¿Que clase de partido era o PRT?

Era unha partido marxista, de esquerdas. Na casa imprimíase *Estrella Roja*, o voceiro do partido, e ás veces distribuíase tamén *El Combatiente*, que era o órgano de expresión do ERP (Ejército Revolucionario do Pobo). Eu axudábo a miña maneira, e a irmanciña tamén, que era moi nova daquela (tiña trece ou catorce anos) e vía todo polos ollos do irmán maior. Pero o 24 de marzo de 1976 entraron os militares no goberno. E empezou a represión. En realidade a represión xa viña de atrás: a Triple A actuaba en todo o país, perseguindo impunemente os esquerdistas. O quince de maio viñéronme os veciños coa noticia de que o exército fora buscalo á casa e que os levaran a todos: a el e mais a miña nora. Xa nunca máis os volvín ver. Así empeza o pesadelo.

¿Como foi?

Entraron de noite. Antonio tiña vinte e tres anos. Estela e mais el levaban cinco meses casados. Estaban estreando a vida, coma quen dí, cheos de ilusións e de idealismo. Agora sei que en realidade non foron a por eles, senón a por Carlos Martín Lobato, dirixente do ERT, que estaba fichado. Seguíanos dende había tempo, e aquela noite, Lobato decidiu agocharse na casa dos dous, cousa á que eles non puideron negarse. O partido prohibíralle a Lobato entrar en relación con Antonio e Estela, porque estaban limpos, non estaban fichados, quero dicir. Isto sóubeno despois. Pero Lobato non fixo caso. Se eu daquela soubese o que logo souben, non había consentir que Carlos visitase a Antonio e mais a Estela. Antes sería quen de matalo... Carlos era un dos dirixentes do ERP, xa digo. Un rapaz de familia moi humilde, intelixente, aínda que dabondo resentido. Traballaba na Ford e



Estela e Antonio no cartel reivindicativo das Madres de la Plaza de Mayo

despedírono. Andaba pendente dunha indemnización. Con el ía a súa moza, María Inés Villalobos, que sabía no que estaban os rapaces, pero que non militaba. Levárona tamén, xunto con outros tres compañeiros: unha rapaza, Rita, e outros dous amigos, que estaban vendo un partido pola televisión, porque daquela, en 1976, os Mundiais de Fútbol estábanse celebrando na Arxentina. Leváronos a todos. Viñeron as veciñas a dicirme que os "milicos" entraran na casa do meu fillo. Lembro que a miña pequena, Rosaura, teimara en querer ir tamén á casa do irmán, pero eu tiven unha iluminación. Pedinlle que quedase. Se non llo chego a pedir, se chega ir con Antonio, tamén a terían levado a ela e, daquela,

perderíaos aos dous. Hoxe Rosaura está comigo, e deume dous netos e un bisneto, que son as miñas alegrías. Pero a desfeita foi total. Presenteime axiña na casa e vin como o deixaran todo: arramplaran cos papeis, esnaquizaran os equipos de fotografía, levaron ata o colchón, e mais a camioneta de Carlos, que era a quen realmente seguían...

Efectivamente, eran os Mundiais da Arxentina.

O Mundial de Maradona. Aínda por riba, a selección gañou o campionato. A xente estaba aparvada, narcotizada. Mentres o mundo enteiro seguía os mundiais de fútbol, o exército e a Triple A desenvolvían na Arxentina a máis negra

represión que se recorda. Non é fácil imaxinar unha cousa así. De madrugada apareceron as veciñas a buscarme, xa digo. O barrio non quedou quieto. A Rita, que tiña dúas pequenas, ceibárona ao día seguinte, pero ao home e ao seu amigo non. Seica lle puxeran moita “picana”, non podía tomar auga nin nada, e tardaron máis tempo en saír. Pero Antonio, Carlos e Estela xa nunca apareceron. Cando cheguei á casa do meu fillo e vin aquilo, rompín a chorar. Non podía crelo. Rita contoumo des-

pois. Metéronos nun camión, con cinta adhesiva na boca, e marcharon cara a un lugar descoñecido. Polo que ela me dixo, seica o meu fillo logrou librar da mordaza e lles foi contando aos outros por onde os levaban, porque coñecía ben aqueles lugares de andar a xogar de cativo... Entraron pola porta 8 ou 9 cara ao Campo de Mayo, os institutos militares, nos arredores de Buenos Aires. Rita e mais eu fomos xuntas á comisaría ao día seguinte, a presentar a denuncia. Foi na comisaría de San Fer-

nando. A policía interrogou a Rita e eu quedei fóra coa miña filla Rosaura, agardando. Ben me lembro. Daquela chegou un policía e preguntoulle ao da porta que que faciamos alí. “Veñen polos que levou o exército”, contestoulle. Escoiteino perfectamente, aínda que mo negaron sempre. “Veñen polos que levou o exército”. Inmediatamente, presentei-me na porta 4 do Campo de Mayo. Esta vez sen a miña pequena, que quedou na casa dos veciños. Aos tres días ceibarón os rapaces aos que lle deran “picana” e eles contáronme que a Antonio e a Estela dende o primeiro momento os separaran do grupo, e xa non soubemos máis deles.

O Campo de Maio era un dos centros da represión. ¿E ti...?

Eu estaba desesperada. Antonio era o único que tiña, ademais da miña filla pequena. Poñíame frenética. Non sabía que facer. Empecei unha peregrinación enlouquecida, dun lado para outro, petando en todas as portas. Pero ninguén respondía. Ninguén quería saber nada. Choraba ou berraba, segundo os momentos. Dícialles: “Isto non é posible. Veño dunha guerra civil en España, ¿como poden consentir que suceda unha cousa así...?” Mais eles negaban. Negábano todo. Para eles Antonio e mais Estela non existían. Da operación nocturna dos “milicos” ninguén tiña noticias. Puxemos os primeiros *habeas corpus* no xulgado de San Martín: a nai de Carlos Martín, a nai de Inés, o pai da miña nora e mais eu. Fixemos catro *habeas corpus*, aconsellados polo propio partido, que foi quen nos forneceu os formularios... Lembro que había tamén unha parella, que tiña unha nena, e a nena aos poucos días apareceu, pero os pais non. E empezou o Vía Crucis: Campo de Mayo, Ministerio do Interior, Consulado de España, Embaixada de



España, outra vez o Ministerio do Interior, outra vez o Campo de Maio... Souben daquela que alí había un hospital onde tiñan as rapazas embarazadas. Daban a luz e logo apropiábenselles dos nenos, antes de liquidalas a elas. Así mo contou unha enfermeira, unha rapaza moi boa, moi doce, que atendía as parturientes, aínda que todo isto, cando eu preguntaba ás autoridades, negábanmo sempre, por suposto. Cando entreguei o *habeas corpus*, pedín que me asinasen o documento. De mala gana, fixérono. No Consulado de España estaba José Luis Dicenta, cónsul adxunto, que se portou marabillosamente, tamén teño que dicilo. El axudou a moita xente. Sacou bastantes persoas do país. Portouse... Na Casa Rosada, onde daquela estaba o Ministerio do Interior, alguén me dixo: "Tranquilícese, señora, é moi cedo. Veña dentro dun mes, veña dentro de dous meses..." Tratábnos así, cunha impunidade e unha cachaza que te revolvía por dentro. Eu poñíame furiosa, e entón saíame o que as miñas compañeiras chamaban "a galegada". Berráballes: "¡Moi ben...! Eu marcho. Marcho para a miña casa, fago de comer, durmo a sesta, arranxo as cousas, espero, deixo pasar os días como se non sucedese nada..., e dentro de dúas ou tres semanas volvo por aquí, como quen vén amañar un papel administrativo.... ¿É iso o que me piden vostedes que faga?" Cando entrabas tiñas que deixar na porta a cédula de identidade. Moitos me dicían que por menos algunhas nais tamén desapareceran, detrás dos fillos. ¿Que me importaba a min? Non me reprimía. O meu fillo tiña nacionalidade española. ¿O meu fillo nacera en Galicia! Era o único que podía facer. Era o único ao que podía agarrarme naqueles momentos...



Dionisia López co neto de Carmiña, nai galega dun desaparecido, manifestándose diante do centro de detención clandestino La Perla. Córdoba, 1998

¿Cantas persoas de cidadanía española ou con dobre cidadanía figuran nas listas de desaparecidos?

Calculamos que arredor de 600, das cales a metade son galegas ou de orixe galega, todas con nacionalidade española. Esta foi unha das razóns en que se fundamentou no seu momento o xuíz Baltasar Garzón para actuar internacionalmente. O meu caso é coñecido, pero hai outros na comunidade galega, como o de Inés Ollero, por exemplo, estudante de bioloxía, de vinte e un anos, que detiveron en xullo de 1977. O seu pai, César Ollero, persoa de alta cualificación e moi prestixiosa, traballa dende en-

tón día e noite, primeiro por intentar recuperar a filla e logo, cando xa esa esperanza perdemos, porque non se perda a memoria. Son dous exemplos. Podería poñer máis...

Daquela o Ministerio do Interior estaba na Casa Rosada, a casa do goberno da nación, onde despacha o propio presidente...

Pero axiña o moveron para outro sitio, porque a xente, os turistas sobre todo, preguntaban a que viñan aquelas colas de xente. ¿Para que son estas colas? ¿Eran os días do Mundial de Fútbol, xa digo! Para evitar tanto escándalo moveron o Ministerio do Interior para a rúa

A gran máquina mandaba e a represión era terrible.

Mesmo entre os militares había medo. O terror afectaba a todos: ás vítimas directas e ás familias das vítimas, á sociedade en xeral, que quedou como paralizada

Moreno, que non está lonxe da Casa Rosada, pero nunha rúa máis agochada. Faciamos cola durante toda a noite, e levabamos mantas. Alí foi onde empezamos a xuntarnos as nais. Primeiro na Plaza de Mayo. Logo, na rúa Moreno. Os policías patrullaban a rúa e ameazábannos cos cabalos, para que non nos parásemos...

¿Eran moitas? As nais, quero dicir...

Cada vez máis. E logo apareceron as avoas, que reivindicaban os netos nacidos nos campos de concentración. Axiña empezaron a correr as noticias: que desapareceran uns, que viñeran pola noite buscar a outros, que andaban algúns nomes polas embaixadas, que na Mecánica da Armada os tiñan presos, que en Córdoba e en Rosario tamén se sabía de casos... Os turistas preguntaban na rúa. E algúns

xornalistas, estranxeiros sobre todo, tamén. Eran as cartas que tiñamos. As únicas que podiamos xogar, para que o mundo enteiro soubese da nosa traxedia, o mesmo mundo que cerrara os ollos á represión e á ditadura nos días terribles do Mundial de Fútbol... Sinto vergonza ao recordalo. Rabia e vergonza... Empezamos a reunirnos para irmos xuntas pola mañá cedo, en grupo, porque dese xeito nos sentiamos máis seguras... Comigo viña María, a Tana (italiana), Ana Bonzio, María Elena, á que lle levaran dous fillos... Pouco a pouco foron aparecendo máis.

¿Cando xurdiu o movemento das Madres de la Plaza de Mayo?

Na Plaza de Mayo non nos deixaban estar cinco ou seis xuntas. Daquela sentabámonos nos bancos. E cando non cabiamos nos bancos, paseabamos arredor

da pirámide, o monolito que hai no centro da praza, dando voltas arredor, de dúas en dúas, ou en pequenos grupos, cando non nos disolvían... Pasabámonos as consignas unhas a outras desa maneira: agora ao Ministerio do Interior, agora á Mecánica da Armada, agora á Escola de Artillería, agora á embaixada de España... Eu non comía, nin vivía, degaxei moitísimo, púxenme moi mal... Andaba por todas partes, á Escola de Enxeñería, á Escola de Artillería, onde estaba o xeneral Zamborini, un auténtico tarado, que me ofreceu un café e lle dixen: "Por favor, señor... Eu aquí non tomo nin auga, aínda que estea a morrer coa sede..." Miraba a miña filla, que era unha mocíña, e preguntábame que había ser de nós, que había ser dela naquelas circunstancias, naquela loucura que estabamos vivindo. Mesmo pensei enviála para Galicia cos parentes. Pero ela nunca quiso moverse de onda min. Alguén me dixo que na Mecánica da Armada sacaban os presos a pasear pola noite, e alá fomos. Lembro un militar que me dixo, mesmo con bágoas nos ollos, "Eu non o teño, señora. Xúrolle polas miñas fillas que non o teño", e crino. Había algúns que non estaban conformes co que se estaba facendo. Pero a gran máquina mandaba, e a represión era terrible. Mesmo entre eles había medo. A algúns militares, que non estaban de acordo coas actuacións, ou que non entraban nos negocios, pois había negocios, moita *plata* polo medio, a algúns militares incluso os eliminaron por iso. Outros eran uns asasinados, como o xeneral Ribero, por exemplo. Un día os irmáns de Carlos Martín Lobato foron reclamar a camioneta, que aparecera. Era a camioneta que levaran cando prenderon a meu fillo... Reclamárona e, como resposta, metéronos na cadea tamén a eles. Era así. Logo ceibáronos, e cando



Con Víctor F. Freixanes e Adolfo Pérez Esquivel

preguntaron polo irmán dixéronlles: “Collede a camioneta e liscade, que non vos volvamos ver por aquí...” Na comisaría de Bellavista, que era un lugar onde interrogaban a algúns presos antes de levarlos para o Campo de Mayo, ocorrían cousas terribles, sentíanse os berros fóra... Era un horror...

¿E os familiares?

Había de todo. E iso era o máis terrible, porque a nai da miña nora, por exemplo, decidiu non meterse. “Algo farían... Por algo sería...”, empezou a dicir a xente. Preferían pechar os ollos. Así foi tamén na represión da Guerra Civil en España. O terror afecta a todos: ás vítimas directas e ás familias das vítimas, á sociedade en xeral, que queda como paralizada... Parece increíble, pero é así. Así é como actúa o terror, sobre o conxunto da poboación, anulando todas as consciencias, ou case todas...

¿Non tiñades apoios? ¿Ninguén estaba convosco, na sociedade argentina, quero dicir, os partidos políticos...?

Ninguén. Ninguén quería saber nada. O Partido Revolucionario dos Traballadores axudaba, pero pouco podía facer, fóra dos *habeas corpus* e cousas así. Outros, co tempo, quixeron meterse, xurdiron algunhas asociacións, pero cada quen quería levar a auga ao seu rego. No fondo, manipulábanos, ou querían manipularnos, ou sentíamonos manipuladas, non sei, por uns e por outros, cando o que nós reclamabamos era simplemente a recuperación dos nosos fillos, ¡noticia dos nosos fillos, que os roubaran diante de nós, e que eran cidadáns da República, unha República que supoñíamos civilizada, unha República que considerabamos o noso país, a nosa patria, e que se manifestaba como a cousa máis negra que podíamos imaxinar! Claro que visto así, e



Marcha en lembranza dos desaparecidos de Ledesma, na coñecida como “Noche de los apagones”.

Xullo de 2005

tendo en conta aquelas circunstancias, a demanda parecía revolucionaria. Os apoios internacionais apareceron cando empezamos a ser famosas. Viñan os turistas a facernos fotos, xa digo. Non me queixo. Era a nosa maneira de facermos escoitar. Cando nos preguntaban por que estabamos alí, contabámoslles o noso caso e algúns non daban creto. Certamente, era difícil de crer que unha cousa así sucedese en pleno século XX, nun país con tradición democrática. En realidade todo o Cono Sur vivía naqueles momentos un tempo durísimo de represión: en Chile, en Uruguai, en Paraguai, coa complicidade do goberno dos Estados Unidos de América, que sempre actuou sen escrúpulos ao servizo dos seus intereses particulares no continente, sen parar en medios.

Fálase de 30.000 desaparecidos. ¿Cantas nais participastes nas mobilizacións?

Non sei. Fálase de 30.000 pero tamén puideron ser máis. E non conto os exiliados, que tiveron máis sorte, pois non perderon a vida. Foi unha desfeita. Moitas nais que ao principio participa-

ron no movemento de protesta, deixaron logo de vir, porque as ameazas tamén nos afectaban a nós. Recordo unha peregrinación á Nosa Señora de Luján na que a Igrexa, lonxe de apoiarnos, aínda xustificaba os feitos. Houbo curas represaliados, perseguidos, desaparecidos ou mortos, é verdade, mais a xerarquía eclesiástica pechou os ollos, mirou para outro lado, no fondo foi escandalosamente cómplice coa represión: en nome de Deus, en nome da civilización cristiá ou en nome do que fose. Alí, na peregrinación a Nosa Señora de Luján, naceu o pano. Reina Díez, unha muller moi intelixente, foi a que tivo a idea: “Cubramos a cabeza en sinal de loito”, e trouxo un cueiro, un deses cueiros de pano, de cor branca, que usabamos para as mudas dos bebés, símbolo dos nosos fillos cando eran pequeniños. Así naceu o pano. As nais cubríamos as nosas cabezas cos cueiros dos nosos fillos, coa memoria primeira dos nosos fillos... Alugamos dous microbuses e marchamos a Luján. Pagabamos do noso peto todos aqueles gastos, por suposto, pois non tiñamos axuda económica nin



gunha, nin de dentro nin de fóra. Os meus pais, por sorte, xa morreran. Se estivesen vivos, semellante experiencia acabaría con eles. Levabamos a comida

das nosas casas, e uns carteis, e bandeiras para chamar a atención da nosa situación... Lembro que polo medio do camiño, pois todas iamos a andar ata o

santuario, apareceron uns mozos que nos dixeron: "Déixenos os carteis, señoras, que as axudamos", e non o credes, pero escapáronsenos cos carteis, ¡roubáronos os carteis e as bandeiras, os fascistas! Esa era a axuda que tiñamos nos primeiros tempos.

Mais houbo un momento en que a xente comezou a poñerse do seu lado. Houbo un momento en que a xente, a propia sociedade argentina empezou a reaccionar, ¿ou non...?

Foi nunha das concentracións de Plaza de Mayo. Non lembro agora cal delas. Non eramos moitas nais: dúas ducias, pouco máis. Iamos, coma sempre, de dúas en dúas, de tres en tres, dando voltas arredor do monolito, e de súpeto comezou a chegar xente, xente moza sobre todo. Non sabiamos de onde saían, pero alí estaban. A nosa voz empezaba a oírse. Os fillos seguían sen aparecer. Algunhas xa perdiamos a esperanza, empezabamos a decatarnos de que aquilo era un pozo escuro, terrible, a cuxo fondo nunca chegaríamos. Pero non podiamos nin queriamos recuar. Era a nosa vida. ¡O sentido da nosa vida! A causa que máis queriamos. E apareceron as primeiras consignas, e os panos, nos que cada unha foi escribindo o nome do seu desaparecido. Viña xente de Tucumán, de Córdoba, doutras partes da Arxentina, onde tamén había casos, cada vez máis casos, que comezaban a ser denunciados, aínda que as autoridades seguían sen recoñecelo... E empezaron a aparecer os primeiros cadáveres: afogados no río, abandonados nos campos, enterrados en foxas comúns..., e as primeiras noticias dos voos nocturnos, os "voos da morte": facíanos desaparecer guindándoos dende os avións sobre a corda dos Andes ou sobre o océano... Era terrible... E os nenos: nenos que as



Marcha polo asasinato de Natalia Melman (16 anos) por parte da policía.

Á dereita de Dionisia o pai da vítima. Miramar, provincia de Buenos Aires, 2006.

nais e as avoas sabían que naceran nos hospitais ou nos cárceres e que logo acabaron nas mans doutros, ás veces nas familias dos propios xerarcas do exército, que se quedaban cos bebés e os presentaban como fillos propios... Un tráfico escandaloso. Daquela eu souben que o meu Antonio xa nunca aparecería, ou que nunca mo devolverían vivo. Aínda que eu o que esixía era polo menos non ficar no silencio, non aceptaba a calada por resposta, que era como quedar perdida no baleiro...

¿Canto tempo durou a represión? Ollada con certa distancia, ¿que marca cre que deixou na sociedade arxentina?

A represión viña de antes, máis ou menos consentida, e a historia da Arxentina ten capítulos negros ao respecto. Mais a data clave é o vinte e catro de marzo de 1976, co golpe de estado dan os militares. Ata 1983 podemos dicir que a represión é un feito obxectivo, dende a ilegalidade consentida e dende a máis absoluta impunidad, atentando contra todos os principios democráticos e contra os dereitos máis elementais do ser humano.

¿De verdade non hai odio en vostede?

Non o hai. Quero dicilo moi alto e moi claro. Non o hai. Se os odiase, se alimentase en min ese sentimento sería coma eles. Non os odio. O odio destrúe as persoas que o acubillan. Iso si, sinto desprezo, e vergonza, e carraxe, e esixo xustiza: a xustiza que non nos deron ata hoxe, porque ao final, por unhas cousas ou por outras, foise tapando todo, a sociedade arxentina cerrou os ollos, e esa é unha vergonza nacional que nunca esqueceré, unha vergonza que a sociedade arxentina arrastrará sempre. Quédame o consolo de pensar que o meu Antonio morreu sabendo que a súa nai

fixo canto puido para recuperalo, reclamando o dereito a saber del, onde queira que o levasen ou tivesen... El coñecía-me ben. A miña filla quería vir canda min, pero eu nunca quixen que me acompañase. Era moi pequena e tiña medo a que ma desgraciasen. Sentín, iso si, a solidariedade e o apoio dos meus veciños, que velaban día e noite a casa ata que eu volvía, para que non lle pasase nada á pequena. Os veciños facían garda polas noites por se me pasaba algo. Iso tamén quero salientalo.

¿E a comunidade galega?

Houbo de todo. Quen nos apoiou foi a Federación de Sociedades Galegas. Alí si que atopamos solidariedade. Noutras institucións non, cerraban os ollos e pechábannos a porta. Dende España agradecemos moito a actuación do xuíz Baltasar Garzón. Eu estiven con el en Madrid. Recibiunos con agrimo, con respecto, cunha consideración que pouca xente nos dedicara. A súa iniciativa dende España foi moi importante para nós. Foi a única vez que me sentín amparada, logo de tantos anos, porque no 76 na embaixada española non querían saber nada, agás Dicenta, de quen antes falei. Tamén axudou moito Pérez Esquivel, aínda que a el tamén o meteron preso.

¿Que opinión lles merece o Informe Sábato?

Ernesto Sábato sufriu moito con esa encomenda. Foi como abrir unha ferida terrible, que botaba materia por todas partes, fedía que alcatreaba. Foi un esforzo importante, para que saísen á luz todos os horrores. Foi das poucas cousas que se fixeron. ¿Unha lección histórica para a sociedade arxentina? Pois non o creo, francamente. O Informe Sábato, titulado *Nunca máis*, serviu para saber que isto non foi un soño, que isto sucedeu de

verdade, non na imaxinación dalgunha xente. Os datos están aí, mesmo con nomes e apelidos. Pero a xustiza non actuou, ou actuou moi precariamente. O presidente Alfonsín promoveu o xuízo contra as xuntas militares, apoiándose en parte nos datos do Informe, onde aparecen ringleiras de nomes de desaparecidos, ou dalgúns desaparecidos polo menos, pero o goberno de Menem botou terra por enriba. A dereita peronista nunca quixo enfrontarse á realidade, porque eles estaban tamén implicados. As Leis de Obediencia Devida e Punto Final, que logo, no ano 2003, foron declaradas inconstitucionais, constitúen unha vergonza colectiva. ¿Cal é a situación actual da sociedade arxentina? Fame e desemprego. A xente prefire non pensar. Moitos viven só coa preocupación de que comerán mañá. O dos desaparecidos xa pasou... ¿A quen lle importa remexer nas feridas? Iso é o que din: ¿Para que remexer nas feridas? Pero un pobo sen memoria é un pobo morto. Un pobo que non é quen de asumir criticamente os seus feitos, mesmo os máis infames e escandalosos, non é un pobo san, é un pobo enfermo, politicamente enfermo. Das forzas políticas arxentinas prefiro non falar. Van xa aló trinta anos reivindicando xustiza ■